

***RUTAS DOS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ.
ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE
VILALBA (LUGO)***

AUTORES. FERNANDO ARRIBAS ARIAS

JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO

MARIO SAAVEDRA PÉREZ

***PUBLICADO EN “CADERNOS DE ESTUDOS CHAIREGOS”, N° 10. PUBLICACIÓN DO
I.E.S.CH.A. (INSTITUTO DE ESTUDIOS CHAIREGOS), Vilalba (Lugo), 2020.***

VI ROTEIRO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ (CONCELLO DE VILALBA)

Domingo 22 de novembro de 2015

ORGANIZA:

ASOCIACIÓN DE AMIGOS
DOS CRUCEIROS, CRUCES
DE PEDRA E PETOS DE ÁNIMAS

COLABORA:

Área de Cultura da
Deputación de Lugo
Concello de Vilalba



I. ALGÚNS TRAZOS HISTÓRICOS E XEOGRÁFICOS DO CONCELLO DE VILALBA.

Vilalba é un municipio lucense, que posúe unha superficie de case 379 km² e que está integrado na Comarca da Terra Chá ¹. Limita ao Norte cos municipios de Muras, Abadín e Xermade; ao W., cos de Xermade e Guitiriz; ao Sur cos de Begonte e Guitiriz; e ao Leste cos de Abadín e Cospeito.

A topografía do municipio distínguese pola súa penechaira dunha altitude de 450 metros, agás no extremo norte onde aparece a Serra da Carba, que con altitudes de 800 e 900 metros marca a divisoria de augas entre as concas do Eume o o Miño. Tamén cara ao Sw., cómpre sinalar a Pena do Mirador dunha altitude de 638 metros, que sinala o límite con Guitiriz.

A rede hidrográfica está unida esencialmente ás augas, que proceden da Serra da Carba, que van formando arroyos e ríos como o Támoga, o Trimaz, o Magdalena, que no seu curso forma o río Ladra, afluente pola marxe esquerda do río Parga, ao que tamén aporta as súas augas o río Labrada polo Sw. ².

Pola súa situación xeográfica, este municipio ten un clima oceánico, caracterizado por unhas temperaturas medias de 11º C., e unhas precipitacións, que rondan os 12 mm. ao ano.

Este municipio está aberto ao exterior por unha serie de estradas: a N-634, vía que discorre entre San Sebastián e Santiago de Compostela e que pasa por unha parte do municipio. A N-861, en dirección a Ferrol, que cumpriu e segue cumprindo unha gran función non só para o municipio vilalbés senón tamén para o de Xermade; non obstante, nos últimos anos, a Autovía Autonómica Galega AG-64, de Catabois (Ferrol) a Vilalba, quitoulle moito tránsito. A LU-541, Vilalba-Rábade, onde empata coa N-VI en dirección a Lugo. A LU-120, en dirección a Meira. Nos últimos anos, o funcionamento da Autovía do Cantábrico en Galicia – A8 – permitiu que o tráfico da N-634 fose máis fluído dende Vilalba ata o seu entronque coa A-6 en Baamonde.

¹

² VÁZQUEZ CERNADAS, M^a del Carmen.: “ Vilalba”, *en Galicia, pueblo a pueblo*, A Voz de Galicia, A Coruña, 1993, páx. 1522.

A nivel humano, a poboación foi aumentando ata o ano 1960, que é cando ten lugar o máximo nivel de poboación. A partir desta data a poboación foi diminuindo debido ao éxodo rural, que repercutiu dunha maneira relevante na poboación adulta máis nova. Isto ía ocasionar unha caída da natalidade e, tamén, un avellentamento da poboación, aínda que menos acusado que noutras áreas rurais ³. Así, este municipio contaba no ano 1900 con 13.572 habitantes e o seu hábitat foise incrementando ata 20.264 no ano 1960. Mais logo foi decrecendo ata 15.484 no ano 2004. Na actualidade, segundo o I.G.E. (Instituto Galego de Estatística) do ano 2019 este municipio posúe unha poboación de 14.072 habitantes, distribuída en trinta parroquias ⁴. Unicamente a vila de Vilalba, capital municipal, conseguiu manter un crecemento demográfico continuo nos últimos anos.

Dende unha óptica económica, o sector agropecuario, malia a diminución de explotacións por xubilación e, tamén, por falecemento dos seus propietarios, canalízase agora á implantación de explotacións modernas de gando bovino cunha clara orientación mercantil. O sector secundario dedícase á explotación dos recursos agroalimentarios; de aí a implantación de industrias lácteas; tamén, dalgunhas pequenas e medianas empresas de embutidos e xamóns; ademais, cómpre salientar as pequenas empresas dedicadas á elaboración do queixo de San Simón; así mesmo, hai un importante número de pequenas empresas ligadas co subsector madeireiro, cos transformados metálicos e coa fabricación de materiais de construción. No obstante, o sector terciario ou comercial é o que experimentou un maior crecemento nos últimos anos especialmente na vila de Vilalba; esta, como cabeceira comarcal, aglutina funcións comerciais de diversa índole: transportes, actividades hostaleiras, administrativas, educativas e sanitarias; en Vilalba encóntranse as oficinas comarcais da Xunta de Galicia; posúe un Instituto de Educación Secundaria; tamén, conta cun Centro de Saúde especializado e, ademais, é cabeza de

³ EQUIPO “ IR INDO”: “Terra Chá e Meira”, *en Galicia en Comarcas*, La Voz de Galicia, Vigo, 2005, páx. 150.

⁴ Alba (San Xoán), Árbol (San Lourenzo), Belesar (San Martiño), Boizán (Santiago), Carballido (Santa María), Codesido (San Martiño), Corvelle (San Bartolomé), Costa (San Simón da), Distriz (San Martiño), Goiriz (Santiago), Gondaísque (Santa María). Insua (San Bartolomeu), Ladra (San Salvador), Lanzós (O Salvador), Mourence (San Xiao), Nete (San Cosme), Noche (San Martiño), Oleiros (San Mamede), Rioaveso (San Xurxo), Román (Santa Eulalia), Samarugo (Santiago), San Martín de Lanzós (San Martín), Sancobad (Santiago), Santabaia (San Pedro), Soaxe, Tardade (Santa María) Torre (Santa María), Vilalba (Santa María), Xoibán (San Salvador), Vilapedre (San Mamede).


partido xudicial. Así mesmo, conserva as súas feiras tradicionais: a que se celebra o primeiro domingo de cada mes, que non coincida co día 1; e a que recibe o nome de “O Feirón”, que se celebra o primeiro martes logo do día 16 de cada mes. Por outra banda, hai unha feira moi relevante, que é a “Feira dos Capóns”, que se realiza uns días antes do Nadal. A súa tradición remóntase ao século XVI. Con todo, será a mediados da década dos sesenta do século pasado, cando comece a ter sona en toda Galicia e no exterior. Nesta feira véndense os capóns, polos alimentados a man aproximadamente durante uns corenta días a base de fariña de millo; pataca cocida; e millo triturado. Durante este tempo, viven nuns pequenos recintos chamados “capoeiras”.

A nivel histórico, o poboamento máis antigo corresponde á cultura megalítica (4500-2000 A. C.) da que se conservan importantes pegadas, como os dolmens de Rozas das Modias, Pena de Sombreiro, as medorras do conxunto de Marco das Catro Aldeas en Vilapedre. Da cultura castrexa hai importantes restos nos catros de Goirix, Vilamaior, Samarugo, Sancovade, Lanzós... Logo, na Idade Media xorde a orixe da vila de Vilalba, que segundo Mato Vizoso, é unha continuación da capital do antigo condado de Montenegro. No século XIII, as terras do concello vilalbés pertencían ao señorío de Fernando Ruiz de Castro. Posteriormente, Henrique II concedeulle a Fernán Pérez de Andrade, o Bo, o señorío da vila de Vilalba en deferencia pola axuda que lle prestou na loita mantida contra o seu irmán Pedro I. Xa no século XV prodúcese, debido ao descontento popular, dúas revoltas sociais (1431) e (1467) contra a familia dos Andrade, que ían rematar coa destrución do castelo vilalbés. Anos despois, os Reis Católicos, concederonlle a Diego de Andrade o condado de Vilalba debido a axuda prestada na toma de Granada. Co transcurso dos anos, a “Casa dos Andrade” incorporouse á “Casa de Lemos” e, logo, a “Casa de Alba”. Durante o século XVIII, Vilalba foi un importante lugar de produción textil (máis de 60 teares) e un importante centro administrativo para toda a bisbarra. Logo, no século XIX, sufríu as consecuencias da invasión francesa e a primeira guerra carlista. Xa no ano 1845, Vilalba adquire os límites actuais, despois da perda dun bo número de parroquias, que pasaron a Muras, Xermade, Begonte, Guitiriz e Castro de Rei⁵.

⁵ EQUIPO “IR INDO”.: “Terra Chá e Meira”, *en Galicia en Comarcas*, La Voz de Galicia, Vigo, 2005, páx. 151.

II. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE VILALBA ⁶.

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DO CONCELLO DE VILALBA



⁶ Mapa realizado polo delineante José Cancio Fernández.

III. CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE VILALBA.

Neste municipio localizamos 163 destas mostras da relixiosidade popular. Aínda que hai unha gran variedade tipolóxica entre eles, podemos sinalar dun xeito xeral dous grandes grupos:

1º. OS LISOS.

Amosan os elementos característicos de todo cruceiro: plataforma, base, fuste, capitel e cruz. Ademais, os únicos motivos ornamentais reducense a simples molduras no capitel.

2º. OS FIGURADOS.

Ademais de presentar os trazos básicos de todo cruceiro, amosan a nivel ornamental as seguintes peculiaridades: os símbolos da paixón nunha das caras do fuste; os querubíns no capitel; e unha ou dúas efixies na cruz. Algúns adoitan mostrar inscricións nalgúns das caras da base; ás veces, relevos da paixón na base; unha decoración romboidal na parte superior das caras do fuste; e a data de construción do cruceiro na base e, tamén, na parte inferior do fuste.

Neste grupo é mester salientar pola súa relevancia os cruceiros construídos polos Carboeira, familia de canteiros localizada na parroquia vilalbesa de Román. A súa pegada quedou reflectida, entre outros, nos cruceiros de Lanzán (Tardade) e dos Carboeira (Román), considerados como dúas das expresións relixiosas máis importantes desta comarca.

Dende unha óptica cronolóxica hai dous cruceiros considerados como os máis antigos deste municipio, que foron construídos na segunda metade do século XVIII. Un deles está emprazado preto da igrexa de Boizán e data do ano 1765. O outro está situado no adro da igrexa de San Simón da Costa e data do ano 1793.

Por outra banda, un bo número de cruceiros encontráronse nun mal estado de conservación. Algúns están mutilados (A Cachoupa, de Barra...). Outros nun estado deplorable de abandono (Viso, Porto da Pipa, da Reigada, do Abuín...). Ademais, cómpre sinalar que varios exemplares desapareceron, ben por actos vandálicos (cruceiro do Paseo Fluvial en Marrube e do adro da igrexa de Tardade) ou foron produto de accidentes de tráfico (cruceiro do Carrizo en Santa Baia). Ademais, a estes motivos hai que engadir a desidia

e a indiferenza das distintas administración, o que motiva que un gran número deles permanezan esquecidos.

III. 1. DISTRIBUCIÓN DOS CRUCEIROS POR PARROQUIAS.

Neste municipio, como dixemos, encontramos 163 cruceiros, distribuídos por parroquias do seguinte xeito:


<i>RELACIÓN DOS CRUCEIROS DO CONCELLO DE VILALBA</i>	
PARROQUIAS	CRUCEIROS
ALBA	<i>1</i>
ÁRBOL	<i>13</i>
BELESAR	<i>12</i>
BOIZÁN	<i>2</i>
CARBALLIDO	<i>2</i>
CODESIDO	<i>11</i>
CORVELLE	<i>5</i>
COSTA	<i>14</i>
DISTRIZ	<i>3</i>
GOIRIZ	<i>15</i>
GONDAÍSQUE	<i>2</i>
INSUA	<i>2</i>
LADRA	<i>2</i>
LANZÓS	<i>6</i>
MOURENCE	<i>5</i>
NETE	<i>2</i>
NOCHE	<i>1</i>
OLEIROS	<i>2</i>
ROMÁN	<i>18</i>

SAMARUGO	<i>5</i>
SANCOVADE	<i>7</i>
SANTABALLA	<i>12</i>
SOEXO	<i>1</i>
TARDADE	<i>5</i>
TORRE	<i>2</i>
VILALBA	<i>9</i>
VILAPEDRE	<i>2</i>
XOIBÁN	<i>2</i>

III. 2. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA DAS PARROQUIAS NO MARCO MUNICIPAL.

CONCELLO DE VILALBA

CRUCEIROS



SIMBOLOXÍA

✦ CRUCEIROS

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 VILAPEDRE	11 GONDAISQUE	21 RIOAVESO
2 COSTA	12 CARBALLIDO	22 ALBA
3 SAMARUGO	13 DISTRIZ	23 NOCHE
4 CORBELLE	14 MOURENCE	24 OLEIROS
5 SANTABALLA	15 ROMÁN	25 NETE
6 LANZÓS	16 VILALBA	26 SOEXO
7 CODESIDO	17 SANCOVADE	27 INSUA
8 GOIRIZ	18 ARBOL	28 LADRA
9 TORRE	19 BELESAR	29 XOIBÁN
10 TARDADE	20 BOIZÁN	

IV. ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS DE VILALBA.

IV. 1. LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA E COORDENADAS U.T.M. DOS CRUCEIROS VISITADOS.

De novo a Asociación de Amigos dos Cruceiros, Cruces de Pedra e Petos de Ánimas, planificou un novo roteiro de Cruceiros coa finalidade de dar unha percepción obxectiva a unha das expresión máis importantes do patrimonio etnográfico da bisbarra chairega. Esta vez o roteiro empregouse en dar a coñecer algúns cruceiros do municipio de Vilalba. Foi organizado inicialmente, como o de Xermade, polo etnógrafo Mario Saavedra Pérez, e dirixido logo polos membros do equipo de investigación “Carboeira”, integrado polos etnógrafos Fernando Arribas Arias, José Manuel Blanco Prado e o xa nomeado Mario Saavedra Pérez.

Pois ben, o domingo 22 de novembro do ano 2015, uns trinta e cinco asistentes visitaron, acompañados polos devanditos instructores, algunhas manifestacións da arte relixiosa popular, reflectida dun modo esencial nos cruceiros. Neste roteiro colaboraron a Área de Cultura e Turismo da Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba. No desenvolvemento do roteiro, que foi realizado nun autocar e, tamén, a pé nalgúns tramos, os guías explicaron algunhas peculiaridades dos seguintes cruceiros.

ROTEIRO SOBRE ALGÚNS CRUCEIROS DE VILALBA			
CRUCEIRO	LUGAR	PARROQUIA	COORDENADAS U.T.M
DA IGREXA	A IGREXA	BOIZÁN	X: 604.456 .Y:4.793.261
DA PONTE RGUEZ.	A PONTE RGUEZ.	BOIZÁN	X: 605.603 Y:4.793.446
DA IGREXA	A IGREXA	CODESIDO	X: 600.408 .Y:4.797.636
DA REIGADA	A REIGADA	CODESIDO	X: 599.838. Y:4.797.671
DA IGREXA	O VALADO	COSTA	X: 612.593. Y: 4.804.316
DA IGREXA	A IGREXA	DISTRIZ	X: 602.395. Y: 4.795.298
DO BRAÑÓN	O BRAÑÓN	LANZÓS	X: 608.633.Y: 4.799.247
DA IGREXA	O CURRO	NETE	X: 608.834.Y:4.789.318.
DOS CARBOEIRA	A CARBOEIRA	ROMÁN	X: 613.640.Y:4.796.190.
DE GUADALUPE	CIDADE DE LUGO	SANCOVADE	X: 607.232. Y: 4.794.303
DA IGREXA	A IGREXA	SANCOVADE	X: 607.808.Y:4.794.031

DO MUIÑO RAÑEGO	MUIÑO RAÑEGO	SANCOVADE	X: 606.580 Y: 4.793.702
DE LANZÁN	LANZÁN	TARDADE	X:601.368.Y:4.796.421
DE CATRO CAMIÑOS	CATRO CAMIÑOS	VILALBA	X: 607.238 Y:4.785.355
DA PRAIA FLUVIAL	ÁREA FLUVIAL	VILALBA	X: 606.560 Y:4.795.395
D. RESIDENCIA DE MAIORES	RESIDENCIA	VILALBA	X: 607.089 Y:4.795.443.
DO CALVARIO	CALVARIO	VILALBA	X:607.081.Y:4.794.789

IV. 2. ANÁLISE DOS CRUCEIROS VISITADOS.

2.1. CRUCEIRO DA IGREXA DE BOIZÁN.



Este cruceiro é de propiedade pública. Está emprazado nun cruzamento de camiños (pistas) a poucos metros da igrexa parroquial e preto dunha fonte. Aмоса unha orientación Leste-W. Dende unha óptica artística está formado por unha serie de elementos claramente diferenciados e colocados nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma de dous chanzos de granito sobre a que se ergue unha base monolítica, de forma paralelepípeda. Logo, un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas

arestas biseladas no resto; na parte inferior da súa cara Leste, presenta a seguinte inscrición: **AÑO / 1765**. A continuación, un capitel de forma troncopiramidal invertida, composto por diferentes tipos de listeis e molduras cóncavas superpostas, que van decrecendo en tamaño. Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular mais coas

arestas rebaixasadas, que amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabaceira; nos mostra efixies.

2.2. CRUCEIRO DA IGREXA DE CODESIDO.

Esta manifestación popular, de dominio público, está colocada nun cruzamento de caminos e diante da igrexa parroquial. Presenta unha orientación Leste-W. Foi realizado a finais do século XIX ou comezos do XX. No seu conxunto cómpre facer alusión ás seguintes partes nunha orde ascendente:

Unha plataforma de catro chanzos: os tres inferiores, de cachotería; e o superior, de granito; entre o terceiro e o cuarto chanzo hai un Pousadoiro. A plataforma serve de soporte a unha base monolítica composta de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o medio e superior, de forma troncopiramidal; estes tramos están separados por finas molduras cóncavas; a nivel ornamental presentan inscricións ilexibles.



A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Leste está decorada en relevo cos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos. No extremo superior das caras hai un rebaixe cuadrangular, que

amosa o relevo dun rombo cun roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior.

Sobre o fuste apóiase un capitel de forma troncopiramidal invertida, ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras.

O cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular mais coas arestas rebaxadas; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, presenta unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O seu reverso mostra unha imaxe mariana da Dolorosa, vestida cunha túnica e manto, que amosa un corazón sobre o peito e as súas mans cruzadas sobre o ventre.

2.3. CRUCEIRO DA REIGADA.

Esta manifestación relixiosa, de dominio privado, está situada nun cruzamento de camiños. Hoxe pertence aos descendentes de Antonio Rivas. Posúe unha orientación Se-Nw. A nivel artístico, consta dunha serie de elementos claramente diferenciados e dispostos nunha orde ascendente da seguinte maneira:

Una plataforma de catro chanzos: os tres inferiores, de cachotería; e o superior, de granito.

Esta serve de sostén a unha base monolítica, composta de dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal cun saínte no lado Sw. Ámbos os dous corpos están unidos por unha moldura cóncava, a xeito de pequena escocia. Presenta unha inscrición nas caras Sw., e Se.

Cara SW.- EL YLMO SR OBIS / PO DE MONDOÑEDO / CONCEDIO 40 DIAS / DE INDULGENCIA / POR REZAR UNA ORACIÓN / APROBADA POR LA /

IGLESIA ANTE ES / TAS EFIGIES./ Cara SE.- ES PROPIEDAD / DE ANTONIO / RIBAS. NATURAL / DE BURGAS BCN (veciño) / DE CODESIDO/.



A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos seus extremos e oitavado no resto, como resultado do rebaixe das arestas. A cara Sw., está enfeitada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo e unha escaleira de once banzos. Nos chafráns, que franquean esta cara están os relevos das tenaces e da lanza. A parte superior das caras Se., e Sw., está decorada cun sol e cunha lúa.

Sobre o fuste apóiase un capitel, de forma troncopiramidal invertida cun amplo ábaco. Está ornamentado

cunha tripla voluta nas arestas; querubíns nas caras; e unha sucesión de motivos semicirculares na parte inferior das catro caras.

O cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas oitavadas no resto, mostrando tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo.

Este cruceiro conserva restos de policromía de cor azul no fuste e, tamén, de cor vermello, marcando o sangue das chagas de Cristo.

2.4. CRUCEIRO DA IGREXA DE SAN SIMÓN DA COSTA.

Esta expresión artística, de carácter público, está emprazada á beira da estrada e preto da igrexa parroquial. Ten unha orientación W-Leste. Dende unha perspectiva artística esta formada por unha serie de partes claramente diferenciadas e colocadas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma de cinco chanzos graníticos cun pousadoiro integrado na cara W. O chanzo superior ten unha forma troncopiramidal invertida cos bordos superiores redondeados a diferenza dos outros catro, de forma paralelepípeda.

Esta serve de soporte a unha base monolítica, disposta en tres tramos: un primeiro tramo, de forma paralelepípeda; un segundo, cunha molduración cóncava; e un terceiro, formado por un amplo bocel coroadado por un



listel. No lado Norte amosa nunha inscrición a data, na que foi construído o cruceiro. **AÑO DE 1793**. No lado W., hai tamén unha inscrición da que unicamente puidemos identificar as letras **A, O, N...**

Sobre a base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular na parte inferior e coas arestas biseladas no resto. Un colariño separa o fuste do capitel.

O fuste serve de sostén a un capitel, de forma case troncocónica cun ábaco; está ornamentado con volutas e querubíns na súa parte superior.

O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaixadas no resto; ademais, mostra tamén un tipo de cruz florenzada mais con acusados

resaltes pometeados nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: sen coroa de espiñas na cabeza, que inclina ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando un lixeiro V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. No reverso, imaxe da Piedade, na que a Virxe sedente, vestida cunha túnica e cun acusadao manto, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo.

Este cruceiro, construído a finais do século XVIII, é un dos máis antigos existentes neste concello.

2.5. CRUCEIRO DA IGREXA DE DISTRIZ.

Esta manifestación popular, de dominio público, está situada nun lateral do adro da igrexa parroquial. Posúe unha orientación Sw-Ne. No seu conxunto, amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica, de catro chanzos, que serve de apoio a unha base monolítica, de tres corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e os outros dous, de forma troncopiramidal. Os tres corpos están separados entre sí por pequenas molduras cóncavas. A base mostra inscricións nas caras Nw., Sw., e Se.,.

Cara NW.- EL EXCMO. / SR OBIPO D / MONDOÑEDO / CONCEDIO 40 DIAS / D INDULGENCIA (A LOS QUE) RE / ZEN (UN) PADRENUESTRO / . Cara SW.- DELANTE / ESTE SANTO CRIS / TO ESTE SANTO / FUE COSTEADO A ES / PENSAS D D JOSE / . Cara SE.- PAZ EL AÑO / DE 1885.

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sw., está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada



e unha escaleira de dez banzos. O extremo superior das catro caras amosan un rebaixe rectangular co relevo dun rombo, no que hai un roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior. Baixo deles hai un círculo cunha roseta.

O fuste actúa de sostén dun capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. A súa ornamentación é a base de volutas nos vértices superiores das arestas, que están unidas entre si por unha sucesión de cadeas; e, tamén, por

querubíns nas súas caras.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto, que mostra tamén un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O seu anverso amosa, baixo unha cartela na que pode lerse **INRI**, unha efixie cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, as costas e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. Franquean a efixie de Cristo dous santiños coas mans sobre o ventre nunha actitude orante. O seu reverso mostra unha imaxe mariana da Piedade, que, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono - formado por dous discos ovalados-, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen

lle colle o brazo dereito coa súa man destra. Ademais, a cabeza de Cristo esta caída para atrás, e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai. Diante do cruceiro hai un pousadoiro de pedra.

2.6. CRUCEIRO DO BRAÑÓN.

Esta manifestación popular, de propiedade privada, está situada á beira dun cruzamento de camiños e dunha carballeira., Presenta unha orientación Sur-Norte. A nivel artístico, consta dunha serie de corpos, que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira:


Unha plataforma de catro chanzos de cachotería, que serve de soporte a unha base monolítica, composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. Mostra unha inscrición nas caras Norte, W, e Sur.

CARA NORTE. *El YLLMO SR. O / BISPO D MONDOÑE / DO CONCEDIO / 50 DIAS DE INDU / LGENCIA PR REZAR / DLANTE ESTAS /*

CARA W. *EFIGIES UN PADRE / NUESTRO ABE MARIA SALBE LO / COSTEO D CONSTAN / TINO OTERO MAR / TINEZ GANADERO/*

CARA SUR. *Y SU ESPOSA D M / ARIA...LOPEZ / Y SUS PADRES HIJOS /...SANTO DE / AÑO DE 1915/.*

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sur está enfeitada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: dous cravos, un cravo, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos. A parte superior das catro caras presenta un rebaixe rectangular, que amosa no seu interior o relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis, franqueando os vértices superior e inferior.



O fuste serve de soporte a un capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. A súa ornamentación é a base de volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras.

O cumio do cruceiro mostra unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto; ademais, presenta un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela, unha efíxie de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito, e a vista cara ao ceo; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. Á dereita de Cristo encontrase a imaxe dunha santiña, vestida cunha túnica e manto, coas mans sobre o ventre, portando un libro. O reverso presenta unha imaxe mariana da Piedade que, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono -formado por dous discos ovalados-, soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa

man destra. Ademais, a cabeza de Cristo esta caída para atrás, e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai.

2.7. CRUCEIRO DA IGREXA DE NETE.

Esta manifestación relixiosa, de dominio público, está colocada no adro da igrexa parroquial., Presenta unha orientación Ne- Sw e foi restaurada polos alumnos da Escola Taller de Vilalba. Dende unha óptica artística consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde descendente do seguinte xeito:



Unha plataforma granítica de catro chanzos, que serve de sostén a unha base monolítica, composta de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, cunha moldura en talón ou cima reversa invertida; o conxunto remata nun listel. A súa cara Leste mostra unha inscrición da que unicamente puidemos ler: **JOSÉ GARCIA.**

Por riba da base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Ne., está decorada co relevo dos

símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de cinco banzos. Baixo deles hai un relevo, que representa a Cristo atado á columna da flaxelación. Ademais, o extremo superior das catro caras amosa un

rebaixe cuadrangular, que presenta no seu interior o relevo dun rombo cun roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior.

Sobre o fuste apóiase un capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de dobre listel, rematando na súa parte inferior cun bocel. Está ornamentado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas catro caras.

O cume do cruceiro termina nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas achafranadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz mostra, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito ; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha imaxe mariana da Dolorosa, vestida cunha túnica e manto, que mostra un corazón cunha cruz sobre o peito e as súas mans cruzadas sobre o ventre.



2.8 CRUCEIRO DOS CARBOEIRA.



Esta expresión artística, de carácter privado, está situada á beira da pista que leva á “Casa dos Carboeira”. Presenta unha orientación Sur-Norte. Constitúe unha das mellores obras dos Carboeira e hai algúns anos foi restaurado debido aos desperfectos, que lle ocasionou o ciclón Hortensia. No seu conxunto presenta unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica de tres chanzos; o superior, co bordo redondeado e voado. Esta serve de apoio a unha base monolítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal cos bordos superiores redondeados. Avisa a seguinte inscrición:

CARA NORTE. ORACIÓN APROBADA / POR LA IGLESIA DLANTE ES / TAS EFIGIES / RECUERDO Y DEVOCION / D ANDRÉS SEOANE Y SU / FAMILIA AÑO D 1916/ .

CARA W.- CUALQUIERA...

Tres das súas caras están decoradas con escenas da paixón.

CARA W. *Prendemento de Xesús.* CARA LESTE. *Crucifixión de Cristo.* CARA SUR. *Cristo crucificado entre os dous ladróns.*

A base alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sur está decorada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: columna da flaxelación, dous cravos, un cravo, un martelo,



unhas tenaces, unha espada- situada no chafrán dereito- , e unha escaleira de nove banzos -situada no chafrán esquerdo. Por baixo deles, unha imaxe do Eccehomo, de vulto redondo. As caras do extremo superior, agás a Sur na que aparece o relevo dun home portando unha cruz, amosan un rebaixe rectangular, **DETALLE. ANVERSO DA CRUZ**

que leva no seu interior o relevo de dous rombos concéntricos con dous roeis, franqueando os vértices superior e inferior.

O fuste serve de soporte a un capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. Está ornamentado con volutas, unidas por unha sucesión de cadeas, nos vértices superiores das arestas; querubíns nas caras; e unha serie de merlóns na súa parte inferior.



O conxunto remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais, presenta un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso da cruz amosa, baixo unha cartela, unha efixie de Cristo coas seguintes características: unha coroa de

espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. Franquen a efixie de Cristo dúas imaxes: A situada á dereita do Redentor, representa á Dolorosa, vestida cunha túnica e manto, e que mostra un corazón cunha cruz sobre o peito e coas mans nunha actitude orante. Pola contra, á da esquerda simboliza a San Xoán coas mans sobre o ventre. O reverso mostra a advocación mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono, formado por dous discos

DETALLE. RELEVO DA BASE

ovalados. Esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra. A cabeza de Cristo está caída para atrás, mentres que o seu

brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai. Así mesmo, a Piedade está franqueada por dúas imaxes: a situada á esquerda, vestida cunha túnica e manto, leva nas súas mans un rosario; pola contra, á da dereita, vestida da mesma maneira, porta nas súas mans un atributo de forma rectangular.



DETALLE. ECCEHOMO.



DETALLE. REVERSO DA CRUZ

2.9. CRUCEIRO DA CAPELA DE GUADALUPE.

Esta manifestación relixiosa, de propiedade pública, está situada diante da capela da advocación mariana de Guadalupe. Posúe unha orientación Nw-Se. A nivel artístico, esta constituída nunha orde ascendente polos seguintes elementos:

Unha plataforma de dous chanzos de granito, que serve de sostén a unha base monolítica, composta de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; o do medio, moldurado cunha ampla escocia; e o superior, constituído por un groso bocel. Amosa unha inscrición ilexible na cara Nw.

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. O extremo superior das caras amosa un rebaixe cuadrangular co



relevo dun rombo no seu interior, que presenta un roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior.

Sobre o fuste apóiase un capitel, composto por un ábaco; un equino; unha lixeira moldura en nacela; e un colariño liso, rematado na súa parte superior por un bocel. Está enfeitado por volutas nos vértices superiores das arestas e pequenos querubíns nas súas caras.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas biseladas no resto; ademais, mostra unha cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso mostra, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, unha efíxie metálica de Cristo cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito ; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso amosa unha imaxe mariana, vestida cunha túnica e manto e co Neno no colo.

2.10. CRUCEIRO DA IGREXA DE SANCOVADE.



Esta mostra da devoción popular, de dominio privado, está colocada no xardín da casa reitoral. Posúe unha orientación Leste-W. Dende unha perspectiva artística consta dunha serie de partes claramente diferenciadas, que están dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica de catro chanzos, que actúa como apoio dunha

base monolítica, formada por dous corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal; ambos os dous están separados por unha pequena moldura cóncava a xeito de escocia. O corpo superior está ornamentado nas catro caras co relevo das seguintes esceas da paixón:

CARA LESTE. *Xesús levando a cruz.* **CARA NORTE.** *Caída de Xesús.* **CARA W.** *Cristo é axudado polo Cirineo.* **CARA SUR.** *Xesús coa cruz ás costas.* Nesta mesma cara figura o epígrafe: **AÑO 1977.**

Sobre a base, e no lado W., hai dúas imaxes, que representan á Virxe María e ao Sagrado Corazón.

Sobre a base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Leste está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada, un látego e unha escaleira de dez banzos. Baixo deles hai unha figura redondeada, que representa ao Eccehomo. O extremo superior das caras, agás a Leste, que mostra o relevo dun santo e dunha custodia, presenta un rebaixe rectangular co relevo dun rombo no seu interior.

O fuste úsase como soporte dun capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. Está decorado con volutas, unidas por unha sucesión de cadeas, nos vértices superiores das arestas; e querubíns nas caras.


O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos seus extremos mais coas arestas oitavadas no resto; tamén, mostra unha cruz de tipo florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso presenta, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica coas seguintes peculiaridades. unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixera V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lomo e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha imaxe mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono, formado por dous discos ovalados. Esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle o brazo dereito coa súa man destra. Ademais, a cabeza de Cristo esta caída para atrás, e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai.

2.11. CRUCEIRO DO MUÍÑO RAÑEGO.

Esta manifestación popular, de carácter público, está situada nas instalacións do Muíño Rañego. Presenta unha orientación Sw-Ne. O seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están colocados da seguinte maneira:

Unha plataforma granítica de dous chanzos cos bordos superiores redondeados, a xeito de bocel, que está asentada sobre unha estrutura de cachotería.

A plataforma serve de sostén a unha base monolítica, de forma cúbica e coroadada por unha moldura convexa a xeito de gola. Cada unha das súas caras está decorada coa imaxe en relevo de Sgdo. Corazón de Xesús. Sobre a base erguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. Amosa os recantos perfilados cun



lixeiro bocel. A cara Sw., está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: tres cravos, unhas tenaces, unha espada, un látego e unha escaleira de dez banzos. A parte superior desta mesma cara está decorada co relevo de tres follas de carballo.

O fuste utilízase como soporte dun capitel de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel; está enfeitada con volutas nos vértices superiores das arestas e querubins nas caras.

O cumio desta manifestación relixiosa finaliza nunha cruz latina, de sección circular. O anverso amosa, baixo unha cartela, unha imaxe cristolóxica con seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixera V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lomo e as pernas; as súas mans aparecen pechadas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo. O reverso mostra sobre unha peaña unha imaxe, vestida cunha túnica e manto, e co Neno no colo.

2.12. CRUCEIRO DE LANZÁN.



Esta manifestación popular, dominio descoñecido, está emprazada na intersección dun camino coa estrada CP-6513, á altura do km. 6. Mostra unha orientación Sw-Ne. No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica de catro chanzos. Esta serve de apoio a unha base monolítica, composta por dous tramos: o inferior, formado por unha molduración cóncava; e o superior, de forma

truncopiramidal. As súas caras están decoradas cos seguintes relevos: **CARA SE. San Xosé. CARA NW. San Roque co can. CARA SW. Santiago Matamoros.** Pola contra, a **CARA NE.**, amosa a seguinte inscrición: **EL YLLMO SR OBIS / PO D MONDOÑEDO / CONCEDIO 50 DIAS / D YNDULGENCIA POR / REZAR CUALQUIERA O / RACION APROBADA POR / LA YGLESIA DLANTE / D ESTAS EFIGIES/.**



DETALLE. RELEVO DE SANTIAGO NA BASE.

Por riba da base o cruceiro alóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sw., está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte orde descendente: unha custodia, unha columna da flaxelación, dous cravos, un cravo, un martelo, e unhas tenaces. Nos chafráns pegados a esta cara, poden verse unha espada – no chafrán dereito-; e unha escaleira de nove banzos – no chafrán esquerdo-. A parte superior das caras Se., e Nw., presenta un rebaixe rectangular con dous rombos concéntricos no seu interior,

franqueados por dous roeis nos vértices superior e inferior. Pola contra, a parte superior da cara Ne., amosa o relevo de dous M, opostos, e unha pequena roseta; e a da cara Sw., mostra a figura dun santo. Ademais, baixo os símbolos da paixón hai unha placa coa inscrición: **AÑO 1906**. Así mesmo, esta mesma cara –a Sw.– mostra unha figura sedente e de gran tamaño, que representa ao Eccehomo.

O fuste actúa de sostén dun capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. Está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas, unidas por unha serie de cadeas; querubíns nas caras; e unha sucesión de merlóns na súa parte inferior.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos

da cabeceira. O anverso mostra, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, unha efixie de Cristo coas seguintes peculiaridades: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito ; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoadado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira con dous tibias. Franquen a efixie de Cristo dous santiños. O reverso amosa a imaxe



ANVERSO DA CRUZ. CAPITEL. FUSTE

mariana da Piedade, vestida cunha túnica e manto e sentada sobre un trono,, formado por dous discos ovalados. Esta soporta no seu colo o corpo inerte do seu Fillo, a quen lle colle



o brazo dereito coa súa man destra. Ademais, a cabeza de Cristo esta caída para atrás, e o seu brazo esquerdo cae sobre a túnica, que cobre as pernas da súa Nai. Este cruceiro presenta restos de policromía de cor azul e vermello, constituíndo unha das mellores obras dos Carboeira.

Este cruceiro está protexido por un enreixado metálico, que se levanta no terceiro chanzo da plataforma.

REVERSO DA CRUZ. CAPITEL. FUSTE

2.13. CRUCEIRO DE CATRO CAMIÑOS OU CRISTO DA GARROA.

Esta manifestación relixiosa, de dominio descoñecida, está emprazada no cruzamento de dúas rúas vilalbesas: a da rúa Cidade de Viveiro coa rúa Plácido Peña. Presenta unha orientación Sw-Ne. Dende unha óptica artística, consta dunha serie de partes claramente diferenciadas e dispostas nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Unha plataforma granítica de dous chanzos. Esta serve de soporte a unha base monolítica, composta de tres tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; o do medio, tendente a unha forma troncopiramidal mais cunha molduración cóncava na



aresta dereita; e o superior, de forma troncopiramidal coas arestas superiores redondeadas; estes tramos están separados entre sí por pequenas moduras cóncavas.

Por riba da base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Sw., está ornamentada co relevo dos símbolos da paixón na seguinte disposición descendente: un látego, tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza, e unha escaleira de dez banzos. O extremo superior das caras presenta un rebaixe rectangular co relevo dun rombo no seu interior, que mostra un roel no centro e dous franqueando os vértices superior e inferior. Baixo os símbolos da paixón hai unha inscrición na que pode lerse: **1874**.

Sobre o fuste apóiase un capitel, de forma troncopiramidal invertida cun ábaco de listel. Está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas caras.

O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto. O anverso amosa, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, unha imaxe cristolóxica cos seguintes trazos: unha coroa de espiñas na cabeza,

inclinada ao lado dereito ; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz, formando unha lixeira V, mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso mostra sobre unha peaña unha advocación mariana da Dolorosa, vestida cunha túnica e manto e cun puñal de ferro cravado no seu corazón. A imaxe mariana permanece nunha actitude orante coas mans sobre o ventre.

O cruceiro presenta restos de policromía de cor azul no fuste. Hai anos, houbo un intento de trasladar este cruceiro de lugar, que foi evitado pola acción popular. Con este motivo celébrase unha festa o 1 de maio.

2. 14. CRUCEIRO DA PRAIA FLUVIAL.

Esta expresión artística, de carácter pública, está situada na área recreativa da praia fluvial, onde se colocou no ano 1985. Presenta unha orientación Se-Nw. No seu conxunto amosa unha serie de elementos artísticos, que nunha orde ascendente están dispostos da seguinte maneira:

Unha plataforma de tres chanzos: o inferior, de formigón; e os outros dous, de granito. Esta serve de apoio a unha base monolítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal.

A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto. A cara Se., está ornamentada co relevo dos instrumentos da paixón na seguinte orde descendente: tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada, un látego de tres puntas en paralelo, e unha escaleira de dez banzos. O extremo superior das caras amosa un rebaixe rectangular co relevo de dous rombos concéntricos no seu interior.

O fuste úsase como soporte dun capitel, de forma troncopiramidal cun ábaco de listel. Está decorado con volutas nos vértices superiores das arestas e querubíns nas súas caras.



O cumio do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. O anverso presenta, baixo unha cartela na que pode lerse INRI, unha imaxe cristolóxica coas seguintes características: unha coroa de espiñas na cabeza, inclinada ao lado dereito ; os seus brazos están estendidos ao longo da cruz mais separados dela ao igual que a cabeza, o lombo, e as pernas; as súas mans aparecen

abertas; o perizoma está anoado ao lado dereito e as pernas, lixeiramente flexionadas, amosan o pé dereito sobre o esquerdo e ambos os dous sobre unha caveira. O reverso amosa unha advocación mariana da Soidade, vestida cunha túnica e manto.

2.15. CRUCEIRO DA RESIDENCIA DE MAIORES.

Esta mostra da devoción popular, de dominio privado, está colocada diante da Residencia de Maiores de Vilalba (Rúa Plácido Peña, 86). Dende unha óptica artística consta dunha serie de elementos claramente diferenciados, que están dispostos nunha orde ascendente do seguinte xeito:

Un plinto de cachotería, que serve de sostén a unha base monolítica, que amosa tres corpos: o inferior, de forma paralelepípeda; o do medio, cunha molduración en bocel; e o superior, cunha molduración cóncava.

Da base érguese un fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas biseladas no resto. A parte superior da cara Sw., está ornamentada co relevo dun rostro humano.

Sobre o fuste apóiase un capitel composto nunha orde descendente de molduras de listel e de cuarto bocel ; e dun colariño liso, que remata nun bocel sobre listel.

Como remate, unha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaxadas no resto; ademais, amosa un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. Presenta unha cartela anepigráfica na cara Sw.,. Non amosa efixies.

Este cruceiro procede do lugar de Castro, pertencente á parroquia de Santabaia.



2.16. CRUCEIRO DO CALVARIO.

Esta manifestación relixiosa, de propiedade pública, está situada nun cruzamento de rúas, que dan lugar a “Praza do Calvario”. Presenta unha orientación Sw-Ne.,. A nivel artístico está constituído nunha orde ascendente polos seguintes corpos:



Unha plataforma granítica de tres chanzos, que serve de sostén a unha base monolítica de dous tramos: o inferior, de forma paralelepípeda; e o superior, de forma troncopiramidal. A base prolóngase nun fuste monolítico, de sección cuadrangular nos extremos e oitavado no resto.

Sobre o fuste apóiase un capitel de tipo dórico, formado por un ábaco e equino sobre listel, e un colariño liso, que remata nun bocel sobre listel.

O cume do cruceiro remata nunha cruz latina, de sección cuadrangular nos extremos mais coas arestas rebaixadas no resto; amosa, ademais,

un tipo de cruz florenzada nos extremos dos brazos e da cabeceira. No lado Sw., amosa unha cartela anepigráfica. Así mesmo, nos mostra efixies.

Este cruceiro está protexido por un cadeado de ferro sobre catro pivotes do mesmo material.

V. BIBLIOGRAFÍA.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristos e Cruces da Pastoriza***, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 92, Edición do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. “Os Carboeira, unha saga de canteiros de Román (Vilalba)” en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***, tomo XI, volume 1, 2004. Páxs. 197-219.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, cristos, cruces e esmoleiros de Abadín***, Sada: Cadernos do Seminario de Sargadelos, nº 96, Edición do Castro, 2007.

ARRIBAS ARIAS, Fernando. “O cruceiro de Lanzán, peza excepcional”, en ***Trasluz-Lukus***, número 3 verán 2009, páxs. 87-88.

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . ***Cruceiros, cristos e cruces de Muras***. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2009.

ARRIBAS ARIAS, FERNANDO. “Cruceiros do Camiño Francés na provincia de Lugo: compañeiros de viaxe”, en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 6, primavera de 2010, páxs. 26-29.

ARRIBAS ARIAS, Fernando. “Patrimonio lucense. Cruceiro dos Carboeira. Símbolo dunha dinastía de canteiros”, en ***Trasluz-Lukus***. Lugo, nº 9, verán 2011, páxs. 55-57

ARRIBAS ARIAS, F., BLANCO PRADO, J. M e SAAVEDRA PÉREZ, M. . ***Cruceiros de Vilalba***. Vilalba: Instituto de Estudios Chairegos, 2011.

BURGOA FERNÁNDEZ, Juan J. “De Mondoñedo a Compostela. Cruceiros e construcións relixiosas da arte popular no Camiño do Norte”, en ***Boletín do Museo Provincial de Lugo***. Tomo XIII. 2006/2007/2008 páxs. 87-105

GONZÁLEZ PÉREZ, Clodio. ***Os cruceiros***. Santiago: Cadernos Museo do Pobo Galego, 12, Fundación Caixa Galicia, 2003.

PERNAS BERMÚDEZ, Carne: “O cruceiro dos catro camiños de Vilalba”. ***El Progreso***. Lugo, 30 de ABRIL de 1998 e 1 de maio de 1998.

PERNAS BERMÚDEZ, Carne: “As cruces de pedra no olvido”, en ***Pena do Encanto. Boletín informativo do Instituto de Estudios Chairegos***. Nº 1. (Vilalba, 2001) pág. 27.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. ***As cruces de pedra na Galiza***. Madrid: Akal, 1975 (Ed. Facsímile).

VALIÑA SAMPEDRO, Elías e outros: ***Inventario artístico de Lugo y su provincia***. Madrid: Servicio de Publicaciones del MEC, 1976, 1986, Tomo I, II, IV. pág. 250.

NOTAS SOBRE O TRABALLO.- As fotos foron realizadas por Fernando Arribas Arias. O traballo foi corrixido polo profesor Xosé M. Felpeto Enríquez. Os mapas de localización foron feitos polo delineante José Cancio Fernández. E o traballo polos xa mencionados etnógrafos.

VI. ILUSTRACIÓNS DALGÚNS CRUCEIROS VILALBESES DA “SAGA DOS CARBOEIRA”. MANUEL SEOANE.



CRUCEIRO DE PORTELA. PARROQUIA DE ÁRBOL.



CRUCEIRO DO MIGUELIÑO. PARROQUIA DE ÁRBOL.



CRUCEIRO DA PEDRAGOSA. PARROQUIA DE SAN SIMÓN DA COSTA



CRUCEIRO DE VER. PARROQUIA DE GOIRIZ.



CRUCEIRO DA IGREXA. PARROQUIA DE ROMÁN.



CRUCEIRO DE LEBOREIRO. PARROQUIA DE ROMÁN.



CRUCEIRO DO MANUEL DA CARBOEIRA. PARROQUIA DE ROMÁN.



CRUCEIRO DO PRADIEIRO. PARROQUIA DE ROMÁN.



CRUCEIRO DO ADRO DA IGREJA. PARROQUIA DE SANCOVADE.



CRUCEIRO DE VILAR DE CASTIÑEIRAS. PARROQUIA DE ROMÁN.

Este canteiro, ademais dos cruceiros vilalbeses, realizou outras manifestacións relixiosas fora do concello vilalbes.

Así, podemos distinguir ,entre outras, os cruceiros de Barreiras (dedicado a Nieves Ares Bouza) e o de Cabreiros, posto por Andrés Gato Maseda, ambos os dous no municipio de Xermade.. En Viveiro son obra de Manuel os cruceiros da Ermida de San Roque e o do Naseiro; así como os situados na Finca das Galdo e de Nicolás Garai Franco (Area). O que está emprazado no Monte Castelo (Burela) . O da praza de Ferreira do Valadouro. O que posúe en Perbes (A Coruña) a viúva de Jesús Fraga.

No obstante, a produción de Manuel non se limitaba aos cruceiros, pois tamén construíu dous altares: o da igrexa de Santa Mariña de Ferrol e o da igrexa de Candia en Abadín .

Tamén, realizou Cristos de escritorio, denominación que aplicamos a pequenos cruceiros para poñer enriba dunha mesa como obxecto de adorno. Tal é o caso do Cristo de escritorio, que fixo para o concello de Vilalba, e que lle foi regalado a D. Manuel Fraga Iribarne; e os que realizou para varios médicos lucenses e diferentes familias de Miami (EE.UU), cidade á que se enviaron seis. .

Completan a obra de Manuel Seoane, o frontís da capela de San Roque de Viveiro, ademais de diversas cruces como a situada nas inmediacións do río Madalena, cruzando o Ladra, na estrada de Ferrol, onde afogou un irmán do Sr. Fraga Iribarne... ⁷

⁷ Arribas Arias, Fernando , e Blanco Prado, José Manuel.: Os Carboeira, unha dinastía de canteiros de Román (Vilalba), Lugo: ***Boletín do Museo Provincial de Lugo. N° XI (1)***, 2003-2004.